

INSTRUCCIÓN DO 21/10/2022 DA SECRETARÍA XERAL EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO PARA A APLICACIÓN AO ESTUDANTADO DO REGULAMENTO SOBRE O EXERCICIO DO DEREITO Á IDENTIDADE DE XÉNERO NA UDC

ANTECEDENTES

O Consello de Goberno da UDC aprobou na súa sesión de 28 de outubro de 2017 o [Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC](#).

De acordo co dito Regulamento, todas as persoas que integran a comunidade universitaria teñen dereito nas súas relación coa UDC a elixir e manifestar a súa identidade de xénero, así como a acceder aos servizos e actividades universitarias de acordo coa identidade de xénero manifestada e co nome distinto do rexistral que, en correspondencia, indicaren.

PROCEDEMENTO

1. As persoas interesadas en solicitar un cambio de nome distinto ao rexistral no marco do Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC enviarán unha solicitude á Secretaría Xeral a través de axuda tic dispoñible en: <https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=86311420> para a súa aprobación, de ser o caso.
2. A aprobación electrónica da solicitude producirá de forma automática o cambio do nome nos servizos ofertados en Microsoft Office 365: Outlook, Teams, Onedrive, Sharepoint, Yammer, Stream., etc
3. A Secretaría Xeral comunicará á Administración da correspondente Facultade/Escola en que está matriculada a persoa solicitante a aprobación da dita solicitude.
4. A Administración da Escola/Facultade:
 - a) Realizará o cambio do nome en Xescampus, no campo **Nome** da ficha **Persoa**
 - b) Comunicaralle ao Área de Xestión Académica e Profesorado (axap.sic@udc.es) o cambio, indicando o nome rexistral e o nome sentido
 - c) Informará á persoa solicitante de que a modificación xa foi rexistrada, e que este cambio non será efectivo entre o fin dos períodos de avaliación e as datas límites de sinatura e entrega de actas (a Administración fará o cambio en cada un destes períodos), e de que cada vez que solicite algún documento oficial na Universidade da Coruña terá que especificar que o seu nome está modificado no marco do Regulamento sobre o exercicio do dereito á identidade de xénero na UDC co fin de que a administración utilice o nome rexistral para a emisión dos documentos oficiais solicitados.
5. No caso de que a solicitude non sexa aprobada pola Secretaría Xeral, o solicitante recibirá unha resposta dende Secretaría Xeral indicando o motivo da non aprobación da solicitude.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
KevCG1T0M4mxXdK0mfDH7w==	Asinado	21/10/2022 10:23:16
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Páxina 1/1
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/KevCG1T0M4mxXdK0mfDH7w==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

